

A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA






NO MUNDO HAI UNHAS 7.000 LINGUAS

Por raro que pareza, non sabemos cantas linguas se falan hoxe no mundo. Isto debe resultar cando menos sorprendente a quen traballa noutros eidos. Os compendios e atlas lingüísticos oscilan entre as 3.500 as 12.000 linguas, unha marxe de imprecisión intolerábel, por exemplo, para un biólogo capaz de organizar taxonomías de millóns de especies.

Para comprendermos as causas desta amplísima variación temos que considerar os múltiples problemas que enfrontan as investigacións que procuran información precisa a este respecto, e tamén as razóns lingüísticas, históricas e culturais que nos impiden responder de xeito simple á pregunta de qué se pode considerar unha lingua. Ao procurarmos estas causas, decatáronos de que un dos principais problemas con que se atopa a humanidade nos albores do século XXI é a morte de linguas, que debe ser entendida no sentido lato de perda dos códigos e tamén de perda de diversidade cultural.

Non podemos saber cantas linguas se falan no mundo porque aínda hoxe continúan a descubrirse novas linguas nas rexións inexploradas, en especial no Amazonas, en África Central e en Nova Guinea Papúa. Aínda que non queden zonas salvaxes completamente descoñecidas, unha cousa é dispormos do mapa dun territorio que se pode ver desde o aire ou desde un satélite, e outra sabermos se está ou non habitado, se son un ou varios os pobos que o ocupan ou se cada un deses pobos fala unha ou varias linguas.



INDOEUROPEAS

- Románicas
- Xermánicas
- Célticas
- Eslavas
- Grego

ÉUSCARO

-

SEMÍTICAS

- Árabe
- Hebreo

CHINÉS-TIBETANAS

- Xaponés
- Tibetano
- Birmano
- Thai
- Chinés

AMERÍNDIAS

-

AFRICANAS

- Bantú
- Mandingo

MALAIO-POLINÉSICAS

- Indonesias
- Polinesias
- Melanesias

OUTRAS

-



NO MUNDO HAI UNS 200 ESTADOS

AS 10 LINGUAS CON MÁIS FALANTES NATIVOS/AS SON...

1. Chinés mandarín (909 millóns)
2. Español (442 millóns)
3. Inglés (378 millóns)
4. Árabe (315 millóns)
5. Hindi (260 millóns)
6. Bengalí (243 millóns)
7. Portugués (223 millóns)
8. Ruso (154 millóns)
9. Xaponés (128 millóns)
10. Punyabí oriental (93 millóns)



DENTRO DESTA LISTAXE, O GALEGO OCUPA O
POSTO NÚMERO 136



O PORTUGUÊS FÁLASE EN...

Portugal

Brasil

Angola

Moçambique

Cabo Verde

Guiné-Bissau


Guiné-Equatorial

São Tomé e Príncipe

Timor-Leste

Macau


FALANTES NATIVOS/AS DE PORTUGUÊS



FALANTES NATIVOS/AS DE ESPAÑOL




FALANTES NATIVOS DE ESPAÑOL E PORTUGUÊS



ESTAS SON AS LINGUAS DA PENÍNSULA IBÉRICA:

- Galego
- Português
- Mirandés
- Asturiano/bable
- Català
- Euskera
- Aragonés
- Aranés
- Castelán



NO ESTADO ESPAÑOL HAI 5 IDIOMAS OFICIAIS, QUE SON:

- Español
- Galego
- Català
- Euskera
- Aranés

